

[2018/19]

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
5º NIVEL DE ED. INFANTIL
CEIP A MAÍA**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS DE E.I. AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	5
OBXECTIVOS.....	14
COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMIA PERSOAL.....	14
COÑECEMENTO DO CONTORNO.....	15
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	15
CONTIDOS	16
CONTIDOS PARA A ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL.....	16
Bloque I: O corpo e a propia imaxe	16
Bloque II: Xogo e movemento.....	17
Bloque III: A vida cotiá.....	18
Bloque IV: O coidado persoal e a saúde.....	18
CONTIDOS PARA A ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO	19
Bloque I : Medio físico: elementos, relación e medida.....	19
Bloque II: Achegamento á natureza.....	19
Bloque III: Cultura e vida en sociedade.....	20
CONTIDOS PARA A ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	20
Bloque I: Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar.....	20
Bloque I : linguaxe verbal: aproximación á escritura.....	21
Bloque I : linguaxe verbal: Achegamento á literatura.....	21
Bloque II: Linguaxes artísticas: plásticas, musical e corporal.....	21
Bloque III: Linguaxe audiovisual e tecnoloxía da información e a comunicación	22
ACTIVIDADES.....	23
TEMPORALIZACIÓN	24
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	25
Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal:.....	25

Coñecemento do medio (medio físico, natural, social e cultural)	26
Linguaxes: comunicación e representación.....	26
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	27
METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	28
1-Perspectiva didáctica	28
2- O Ambiente de aprendizaxe	28
3- Papel do mestre.....	29
4-O papel do alumnado.....	30
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	30
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	31
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	31
EDUCACIÓN EN VALORES.....	32
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	33
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A NOSA PROGRAMACIÓN	33

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O C.E.I.P. A Maía é un centro que está formado por 27 unidades (9 de Educación Infantil y 18 de Primaria) con una ratio bastante completa. A contorna na que se atopa o centro ten un carácter urbano e conta por elo con cantidade de servizos como: bibliotecas, auditorio, ludotecas...así como tamén de recursos naturais próximos como: parques, zona recreativa, un monte do contorno... Desde o centro potenciase aproveitar ao máximo os recursos (urbanos e naturais) da zona.

O alumnado e as súas familias son maioritariamente dun ambiente socio-cultural medio e existe un alto grao de participación e implicación por parte das familias nas actividades do centro. Hai que destacar que neste C.E.I.P. existe unha presenza de alumnado de outras nacionalidades que están perfectamente integrados na comunidade educativa.

Esta programación está dirixida alumnado do 5º curso de educación infantil. O alumnado está distribuído en tres aulas (5ºA 17 nenos/as, 5ºB 19 nenos/as e 5ºC 18 nenos/as). Dúas aulas atópanse no 2º andar do edificio de infantil e outra no 1º andar. As tres titorías seguirán a mesma liña metodolóxica, atendendo sempre ás diferencias específicas de cada grupo.

A xornada é continuada, de 9:05 a 2:05.

As aula nas que traballamos conta cos suficiente recursos materiais para poder realizar todas as actividades que nos propoñemos.

En principio están distribuídas por zonas:

- Biblioteca de aula: contos, periódicos, revistas, DVD, CD.
- Zona de lóxico matemática: construcións , bloques lóxicos, puzzles.
- Zona de plástica
- Espazo natural
- Zona de xogo simbólico: bonecos, cocinita, supermercado.
- Zona de servizos: Dous lavabos e dous inodoros.
- Andel cos materiais: ceras, rotuladores, pintura de dedos, plastilina, punzóns.
- Mesas de traballo
- Zona de asemblea

Contamos con dous especialistas: lingua estranxeira e relixión que imparten as súas respectivas materias unha vez á semana. Tamén dispoñemos de apoios que distribúen o seu horario polas distintas aulas.

CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS DE E.I. AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A L.O.E. establece unhas competencias básicas que o alumnado debe de ir acadando progresivamente ó longo das diferentes etapas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e a competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Facemos a continuación unha análise sobre as oito competencias e detallamos os contidos máis directamente relacionados con cada unha, sen esquecer que o carácter globalizado da Educación Infantil fai que todos eles estean ligados:

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia fai referencia á comunicación oral e escrita con todo o que leva implícito como representar, interpretar e comprender a realidade, organizar os coñecementos ou autorregular o pensamento, as emocións e a conduta.

Para mellorar esta competencia fomentaremos a participación do alumnado en conversas, levaremos a cabo actividades de animación á lectura e escritura...

Os contidos que destacamos nesta competencia son os seguintes:

Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias preferencias e intereses propios e dos demais.
- Uso dos sentidos como medio de expresión.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas e estereoceptivas.

Área :coñecemento do entorno:

- Emprego adecuado de vocabulario topolóxico elemental de conceptos de orientación espacial.
- Expresión de actividades realizadas e dos resultados obtidos mediante diferentes representacións.

Área : linguaxes: comunicación e representación:

- Utilización e valoración progresiva da linguaxe oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Participación en conversas, narracións, chistes... usando léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases, e engadindo máis vocabulario.
- Emprego adecuado das fórmulas socialmente establecidas para relacionarse cos demais (saúdos, despedidas, formulas de cortesía...).
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Aproximación á lingua escrita, como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións, instrucións, contos, poesías, lidas por outras persoas nas linguas oficiais como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Iniciación do uso da escritura en contextos reais, significativos e funcionais.
- Participación creativa nos xogos lingüísticos (adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...

2.Competencia matemática

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

Contribuiremos á súa consecución traballando elementos matemáticos básicos, resolvendo problemas e ampliando os coñecementos cuantitativos e espaciais da realidade.

Trataremos de mellorar esta competencia a través dos seguintes contidos:

Área : coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co entorno e coas demais persoas.

- Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.

Área : coñecemento do entorno:

- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e materiais.
- Aproximación á cualificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais nos elementos do entorno.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades.
- Uso dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade.
- Proposición e solución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá como repartir, estimar....
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas (peso, lonxitude, capacidade, tempo) a través de estimacións: comparando, observando, sopesando...
- Recoñecemento e identificación de situacións nas que se fai necesario medir.
- Orientación espacial e temporal en situacións cotiás establecendo relacións de localización, dirección, distancia e posición respecto ás persoas, obxectos ou lugares.

Área :linguaxes: comunicación e representación

- Percepción de diferenzas e similitudes entre palabras ou frases, atendendo a propiedades cuantitativas.
- Descubrimento dalgúns elementos da linguaxe plástica como a liña, a cor, o espazo e o volume.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico e coidar o medio natural e a saúde individual e colectiva.

Contribuiremos á consecución desta capacidade iniciando ó alumnado no pensamento científico, e potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, descubrir alternativas, xerar novas ideas e solucións...

Contidos a traballar:

Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Percepción e comprensión do mundo que o rodea e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.

- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo.
- Participación en xogos como medio de coñecemento da realidade, identificando as súas capacidades e limitacións.

Área : coñecemento do entorno:

- Interese pola exploración e uso cotiá dos obxectos e materiais presentes no medio.
- Uso dos xogos de mesa como forma de diversión en grupo.
- Investigación do comportamento físico de materiais e obxectos en diferentes situacións.
- Interese polo uso dos instrumentos de medida facendo unha aproximación a dito uso.
- Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Identificación de algunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento de seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Valoración da necesidade de conservación da auga e o uso responsable dela. Valoración doutras enerxías e da importancia da reciclaxe.
- Identificación dos cambios que se producen na luminosidade, na posición do sol ao longo dun día dos meses e das estacións do ano.
- Valoración da importancia das actividades en contacto coa natureza para a saúde e benestar.

Área linguaxes: comunicación e representación.

- Uso das técnicas plásticas e creativas como medio de comunicación co mundo exterior.
- Coñecemento das transformacións dos diferentes materiais e obxectos.
- Identificación das propiedades creativas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, proxector...
- Recoñecemento dos sons do entorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.

4. Competencia da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.

Está asociada á busca, selección, rexistro e tratamento da información, usando técnicas diversas, o que implica un grao de autonomía por parte do alumno.

Faremos que os neno/as resolvan problemas reais, para o que se requirirá o tratamento de información e o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

A continuación, sinalamos os contidos propios para esta capacidade:

Área : coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación secuenciada de accións para resolver tarefas.

Área: coñecemento do contorno:

- Interese pola clasificación de obxectos.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas comparando, sopesando, observando, ...

Área: linguaxes: comunicación e representación:

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Adquisición progresiva de conciencia da necesidade do uso dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento , coidado e uso das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ao uso do ordenador, á cámara fotográfica,...
- Valoración artística dos contidos e da estética das producións visuais.

5. Competencia social e cidadá

Esta competencia consiste en comprender a realidade democrática desta sociedade plural.

Contribuirase a habilidades sociais que permitan mediar nos conflitos de convivencia, axudar a resolvelos con actitude construtiva, e a tomar decisións con autonomía, sempre facendo uso do diálogo e da negociación.

É importante que o alumnado se coñeza, se valore, saiba comunicarse, expresar e escoitar ideas propias e alleas, comprender diferentes puntos de vista....valorando a igualdade de dereitos entre diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.

Sinalamos os contidos a traballar:

Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Construción do esquema corporal e a propia imaxe en interacción cos datos que o neno ou a nena recibe doutras persoas, do medio e dos obxectos.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Actitude crítica ante os estereotipos a través da publicidade e outros medios de comunicación social.
- Comprensión, valoración e aceptación das regras para xogar.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Capacidade para solicitar e prestar axuda.
- Xestión do seu comportamento en función das normas do grupo, dereito, responsabilidades e comportamentos sociais.
- Aceptación das normas de comportamento na hora da comida.
- Colaboración no comportamento de ambientes limpos e ordenados.

Área : coñecemento do entorno:

- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen neles, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.
- Aproximación ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e aportar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto dos compañeiros e compañeiras na vida de aula, mostrando disposición para compartir e resolver conflitos.

Área : linguaxes: comunicación e representación:

- Participación en diferentes situacións de comunicación, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Emprego das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas.
- Participación en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Introducción ó uso da bibliotecas de aula.

6. Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, polo que a escola tentará estar aberta a todas elas.

Fomentaremos unha actitude aberta , respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais a través dos seguintes contidos:

Área : coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos outros.
- Aceptación da diversidade cultural entre persoas.

Área : coñecemento do entorno.

- Expresión de actividades realizadas e resultados obtidos mediante diferentes representacións.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas cos nenos e nenas de outras culturas.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo.
- Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

Área da linguaxe: comunicación e representación.

- Interese por expresarse coa axuda de recursos non lingüísticos.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor.
- Descubrimento de posibilidades creativas e plásticas de diferentes elementos.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no entorno, nos museos e/ou exposicións reais ou virtuais, talleres de artistas e persoas artesáns manifestando e compartindo a través de diferentes linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que máis nos gusta ou non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha forma plástica.
- Exploración das posibilidades sonoras de voz , do propio corpo, de obxectos cotiáns e instrumentos.

- Creación de secuencias de movementos e ritmos a través das sensacións que xera a música.
- Interpretación de cantigas, xogos musicais, danzas, ...
- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos, e feitos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos, ...
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

7. Competencia para aprender a aprender

Contribuirase á adquisición da conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que sabe e do que é necesario aprender.

Contribuirase á mellora da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros de aprendizaxes, traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización das tarefas a realizar.

Aínda que esta competencia está directamente relacionada con tódolos contidos, sinalamos algúns nos que se reflexa de xeito moi explícito.

Área : coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:

- Exploración do propio corpo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas co paso do tempo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas.
- Hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación da acción para resolver tarefas.

Área :coñecemento do entorno:

- Análise das características dos obxectos e materiais.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Investigación do comportamento físico dos diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con varias accións.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.

- Observación dos seres vivos (características comportamentos, ...) no seu medio natural.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas con outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre diferentes temas.

Área : linguaxes: comunicación e representación:

- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos, ... e en situacións de comunicación con diferentes propósitos.
- Exploración sensorial dos elementos presentes no entorno integrando actividades de palpar, ulir, oír.
- Exploración de diferentes posibilidades plásticas e creativas de diferentes materiais, útiles e soportes.

8.Competencia en autonomía e iniciativa persoal

Para que os alumnos adquiran conciencia dun conxunto de valores e actitudes como responsabilidade, perseveranza, autoconhecimento e autoestima, creatividade, autocrítica control emocional, ... Permitirémolles imaxinar, emprender accións, desenrolar proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

O aspecto central non é acumular coñecementos senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas “de saber” e “de facer” contextualizadas.

Tentarémolo cos seguintes contidos:

Área : coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Identificación , manifestación, regulación e control das necesidades básicas do Corpo así como o control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Vivencia do corpo como un todo para chegar a sentir as partes que o integran.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as propias limitacións.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenrolo das habilidades motoras, do control do ton, do equilibrio e da respiración.

- Satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Interese por participar en actividades cotiás, con iniciativa, e progresiva autonomía na súa realización.
- Valoración polo traballo propio ben feito.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal e das necesidades básicas do seu corpo.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

Área : Coñecemento do entorno:

- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamentos.

Área : linguaxes: comunicación e representación:

- Potenciación de imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas.

OBXECTIVOS

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMIA PERSOAL

a) Identificar as características, posibilidades e limitacións interactuando coas outras persoas desenvolvendo sentimentos de autoestima e afianzando a autonomía persoal.

b) Recoñecer e identificar as partes e funcións fundamentais do seu corpo coordinando cada vez mellor os seus xestos e movementos.

c) Identificar, expresar os propios sentimentos, emocións e necesidades e ser quen de respectar os dos demais.

d) Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas e problemas sinxelos da vida cotiá e aceptar as propias frustracións, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

e) Desenvolver progresivamente comportamentos de convivencia e habilidades para afrontar situacións de conflito, adaptando as condutas ós hábitos e actitudes de axuda e colaboración.

f) Desenvolver hábitos de saúde coa alimentación, a hixiene e o aseo persoal que contribúan ó equilibrio e benestar emocional.

g) Acadar hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

h) Amosar aceptación e respecto polas diferenzas individuais.

i) Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación ás regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

a) Observar, explorar e interpretar de forma activa o seu contorno mostrando interese polo seu coñecemento.

b) Observar os cambios e modificacións do contorno e relacionalos cos factores que os producen con actitude de respecto e coidado.

c) Formular hipóteses e buscar respostas e explicacións para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

d) Relacionarse coas demais persoas, interiorizando as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

e) Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

f) Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertence.

g) Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega.

h) Desenvolver habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

i) Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

a) Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.

b) Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais como elementos de comunicación.

c) Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

d) Comunicarse oralmente nas dúas linguas con distintos propósitos, interlocutores, en diversidade de contextos e valorando a linguaxe como ferramenta de relacións cos demais, de regulación, de convivencia e de aprendizaxe.

e) Comprender a intencionalidade educativa doutros nenos e nenas, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás diferentes linguaxes.

f) Fomentar o uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ó participar neste intercambios culturais.

g) Traballar a lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.

h) Comprender, reproducir, reescribir e revisar textos.

i) Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e pracer.

k) Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...

l) Achegarse ao coñecementos de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose con creatividade a través das distintas manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

m) Desenvolver e sentir autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

n) Empregar e valorar o uso das TICs como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

CONTIDOS

CONTIDOS PARA A ÁREA COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque I: O corpo e a propia imaxe

a) Exploración e progresivo afianzamento do esquema corporal.

b) Manifestación e control das necesidades básicas do corpo.

c) Confianza nas posibilidades e capacidades propias para realizar distintas tarefas.

- d) Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- e) Sensacións e percepcións do propio corpo en relación e interacción cos datos que recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- f) Recoñecemento das percepcións sensoriais, propioceptivas e esteroceptivas.
- g) Aceptación da propia imaxe corporal, xogando só ou acompañado e descubrindo as súas posibilidades expresivas.
- h) Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- i) Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- k) Os sentidos: medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que nos rodea.
- l) Identificación das distintas etapas do ciclo vital mediante a observación dos cambios físicos nas persoas.
- m) Valoración positiva das diferenzas entre as persoas evitando actitudes discriminatorias.
- n) Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
- ñ) Desenvolvemento da identidade sexual mediante a aceptación co corpo sexuado masculino e feminino e unha actitude crítica ante os estereotipos.

Bloque II: Xogo e movemento.

- a) Participación nos xogos e na actitude motriz identificando as súas capacidades e amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- b) Vivencia do xogo como medio que favorece a aceptación de regras, o respecto ás demais persoas e a aceptación da identidade sexual e cultural propia e dos demais.
- c) Adaptación do ton, do equilibrio e da postura en relación co medio e coas outras persoas.
- d) Satisfacción pola adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais e desenvolvemento da propia personalidade.
- e) Aceptación das normas implícitas que rexen os xogos fortalecendo vínculos afectivos.
- f) Desenvolvemento do xogo como medio para coñecer a realidade mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.
- g) Coordinación e control das habilidades psicomotrices de carácter fino e groso.

h) Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais.

i) Adquisición de noicións básicas de orientación e coordinación de movementos.

k) Potenciación das súas capacidades motoras de coordinación e de orientación no espazo.

l) Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

Bloque III: A vida cotiá.

a) Participación en actividades da vida cotiá con iniciativa e autonomía cara a resolución pacífica de conflitos.

b) Regulación do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo e da sociedade.

c) Desenvolvemento de habilidades sociais con actitude positiva e aceptación da diversidade.

d) Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo, mediante a planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.

e) Valoración o gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas.

f) Busca dos recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia sendo quen de solicitar e prestar axuda.

g) Afianzamento das súas capacidades, actitudes e coñecementos sendo quen de aplicalos nas súas actividades cotiás.

Bloque IV: O coidado persoal e a saúde.

a) Recoñecemento das necesidades básicas do corpo.

b) Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, desprazamentos, descanso e hixiene.

c) Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o permitan e valoración da axuda doutras persoas.

d) Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.

e) Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

f) Gusto por un aspecto persoal coidado respectando os gustos dos demais.

g) A enfermidade e os accidentes domésticos: fomento de hábitos de prevención.

CONTIDOS PARA A ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

Bloque I : Medio físico: elementos, relación e medida.

- a) Exploración dos obxectos e materiais presentes no medio: atributos, propiedades, características e a súa aplicación na vida cotiá, mantendo unha actitude de respecto e coidado.
- b) Clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- c) Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.
- d) Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números da vida cotiá.
- e) Utilización da acción de contar para a obtención dun dato numérico como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- f) Resolución de situacións lóxico matemáticas sinxelas da vida cotiá.
- g) Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- h) Investigación do comportamento físico de distintos materiais e obxectos en distintas situacións e con variadas accións.
- i) Recoñecemento e identificación dalgúns magnitudes (peso, lonxitude, capacidade, tempo) a través de estimacións, utilizando instrumentos de medida convencionais e non convencionais.
- k) Orientación temporal en situacións cotiás. Uso do calendario.
- l) Orientación espacial: descrición, localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares empregando o vocabulario axeitado.
- m) Propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- n) Vivencia, representación e interpretación do espazo empregando a imaxinación en debuxos, persoas e lugares.

Bloque II: Achegamento á natureza.

- a) Características e funcións vitais dos seres vivos. Diferenzas cos obxectos inertes mediante a exploración e a observación.
- b) Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre eles.
- c) Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural especialmente animais e plantas.
- d) Identificación dos cambios ambientais e do medio natural.

e) Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as cousas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.

f) Valoración e goce das actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.

g) Participación en proxectos de investigación no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

h) Coñecemento e valoración da importancia da auga para o desenvolvemento da vida dos seres vivos.

Bloque III: Cultura e vida en sociedade.

a) Primeiros grupos sociais: familia e escola, relacións afectivas desenvolvendo actitudes de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.

b) Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas coas persoas do seu contorno e doutras culturas.

c) Coñecemento das funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.

d) Recoñecemento e respecto polos diferentes tipos de familia.

e) Pautas de comportamento: colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos.

f) Vivenciación da tradición e identidade cultural galega.

g) Achegamento a sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

CONTIDOS PARA A ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque I: Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar.

a) Utilización da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais persoas.

b) Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.

c) Participación de forma oral en distintas actividades, incrementando o vocabulario, empregándoo con precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.

d) Participación en situacións de comunicacións con diferentes propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.

e) Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía...

f) Interese en participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara esa lingua.

Bloque I : linguaxe verbal: aproximación á escritura.

a) A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

b) Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

c) Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

d) Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entres elas atendendo a propiedades cualitativas e cuantitativas. Coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

e) Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez mais precisos e lexibles.

Bloque I : linguaxe verbal: Achegamento á literatura.

a) Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de diferentes textos, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.

b) Dramatización de contos para o goce persoal.

c) Memorización e recitado dalgúns textos poéticos, de tradición cultural ou de autor.

d) Participación creativa en xogos lingüísticos, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas, ... acompañadas de respostas corporais, para divertirse e aprender na compañía de persoas iguais e adultas.

e) Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias iniciándose nos faladoiros literarios.

f) Uso das bibliotecas de aula e de concello, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

Bloque II: Linguaxes artísticas: plásticas, musical e corporal.

a) Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

b) Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

- c) Experimentación, descubrimento e gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión que lles permitan desenvolver a súa sensibilidade estética.
- d) Exploración das posibilidades plásticas e creativas de diferentes materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión e comunicación.
- e) Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- f) Descubrimento das posibilidades creativas da luz e a sombra.
- g) Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas, manifestando a través das distintas linguaxes, as sensacións e emocións que producen así como, indicando o que gusta e o que non.
- h) Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra, o seu desenvolvemento e posterior comunicación plástica, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha mellora na produción.
- i) Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos de música.
- k) Vivencia do son e o silencio.
- l) Recoñecemento de sons do contorno natural e social e discriminación dos seus trazos distintivos.
- m) Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- n) Audición atenta de diferentes obras musicais. Participación activa e gozo na interpretación de cancións.
- ñ) Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión, comunicación e intercambio afectivo.
- o) Participación en actividades de dramatización, danza, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal, colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Bloque III: Linguaxe audiovisual e tecnoloxía da información e a comunicación

- a) Uso de diferentes instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- b) Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e comunicación.
- c) Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- d) Uso do ordenador e a cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.

e) Valoración crítica dos contidos e a estética das producións audiovisuais.

ACTIVIDADES

As experiencias ou actividades estarán baseadas en experiencias significativas que van adquirindo os nenos e nenas ao satisfacer as súas necesidades básicas de interacción coa realidade que as envolve. Seguindo a liña metodolóxica que envolve a programación as actividades estarán adaptadas á idade do alumnado ,serán variadas, flexibles e abertas para poder facer as adaptacións precisas segundo cada situación; o xogo será a actividade propia desta etapa, xa que os nenos e as nenas, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman , establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo.

O xogo será o fío condutor da maioría das actividades e segundo o momento de realización pódese falar de actividades iniciais, de desenvolvemento ou finais.

-Actividades iniciais: servirán para recoller información sobre os coñecementos dos nenos e como elementos de motivación inicial.

Algunhas destas actividades poderían ser a lectura e escoita de contos, observación de láminas ou imaxes en distintos formatos, elaborar entre todos/as unha nota ás familias, entre outras.

- Actividades de desenvolvemento: servirán para a adquisición de novos conceptos.

Mediante elas traballarase de xeito globalizado as distintas áreas de coñecemento, as competencias e distintos valores e temas transversais.

As actividades de desenvolvemento serán todas aquelas que se leven a cabo mediante a observación, experimentación, manipulación, comparación, clasificación, expresión de distintas ideas e sentimentos, atención, e as distintas accións que se axusten ao momento, o espazo, as necesidades e o grao de desenvolvemento no que nos atopemos.

-Actividades finais: teñen como obxectivo comprobar o nivel de logro dos alumnos e alumnas.

Poden facerse mediante o diálogo, preguntas, producións en distintos formatos que recollan todo o traballado, xogos, entre outras.

Debido a que cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe será moi importante que a programación sexa aberta e flexible para poder adaptar os elementos curriculares a cada caso, se fose preciso.

TEMPORALIZACIÓN

Esta lista de obxectivos e contidos serán traballados na aula dende diferentes eixes organizativos:

A- Actividades diarias e rutinarias na aula.

Son actividades encamiñadas a establecer un marco rutinario e de reforzo de distintos aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, tendo en conta o esencial que é establecer secuencias temporais claras para favorecer a aprendizaxe . Serán respectuosas co momento evolutivo de cada un dos nenos, así como coas súas necesidades e intereses. Isto implica unha certa flexibilidade e evolución, atendendo ó momento do curso e as particularidades do grupo.

Haberá:

- Tempo de asemblea: actividades propias da entrada e do recibimento do grupo; planificación colectiva co adulto do traballo que van facer durante a xornada.
- Tempo de traballo individual: realización das actividades acordadas axudados pola mestra.
- Tempo de recunchos: realización de actividades lúdicas e de pequenas investigacións, de acordo cos intereses individuais dos alumnos.
- Tempo de limpeza: actividades como recoller e ordenar os materiais utilizados, gardar os traballos non acabados, etc.
- Tempo de traballo en grupo: realización de actividades colectivas atendendo a distintos criterios de agrupamento.

B- Proxectos anuais.

Escollemos esta modalidade de programación por ser máis dinámica, sensible cos intereses dos nenos e flexible. Ó longo do curso académico desenvolveranse unha serie de proxectos anuais que serán o eixo vertebrador, xunto coas actividades rutinarias, do curso escolar. Na programación destes proxectos tívose en conta os obxectivos de área, os contidos así como as competencias básicas expostas con anterioridade neste documento. A concreción das actividades de cada un deles elaborárase en función do desenvolvemento do proxecto, do grao de aproveitamento que manifesten os nenos e do seu ritmo de aprendizaxe. Estas actividades, dependendo do tipo que sexan, faranse no momento da asemblea, no do traballo individual, en grupo ou proporárase para desenvolver nos recunchos.

Estes proxectos anuais son:

- A miña familia
- Recicla e axuda ao planeta

C- Proxectos xurdidos das necesidades dos nenos.

Como aparece recollido no Decreto 330 que establece o currículo para a Educ. Infantil en Galicia, no apartado referido ás orientacións metodolóxicas, é esencial ofrecer aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, así como a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade favorecen o desenvolvemento e son moi motivadoras.

A través da atención constante cara os intereses e conflitos xurdidos no grupo e a formulación de preguntas abertas por parte da mestra, contribuímos a ensinarlles ás nenas e aos nenos a formularse interrogantes e a argumentalas, en definitiva, a desenvolver o pensamento crítico.

Por todas estas razóns este apartado da programación será sempre algo aberto e flexible, motivador e un constante reto, tanto para o profesorado como o grupo clase. Desenvolveranse como complemento dos dous apartados anteriores, atendendo ás necesidades e intereses dos nenos, o que tamén marcará a súa duración. O marco empregado para a súa concreción serán sempre os obxectivos e contidos seleccionados nesta programación. A súa secuenciación dependerá do tema a traballar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal:

* Coñecer de forma progresiva o seu esquema corporal , identificando as partes do corpo en si mesmo/a , noutro neno/a en un debuxo.

* Identificar algunhas características persoais.

* Desenvolver progresivamente a súa autoestima e a autoconfianza en si mesmo/a.

* Distinguir os sentidos e identificar sensacións a través deles.

* Desenvolver unha imaxe persoal axustada e positiva e ir adquirindo progresivamente unha actitude de respecto ante as diferenzas. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.

* Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

* Expresar sentimentos e emocións, intentar comprender os dos outros.

* Participar en xogos utilizando as posibilidades expresivas do corpo para comunicar sentimentos, emocións, necesidades e desexos.

* Discriminar algunhas propiedades dos obxectos por medio dos sentidos.

* Utilizar nocións básicas de orientación espacial e temporal.

* Mellorar na coordinación óculo- manual.

Coñecemento do medio (medio físico, natural, social e cultural)

* Dar mostrás de interese polo medio natural. Identificar e nomear algún dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de respecto e coidado cara á natureza e participar de forma activa en actividades para conservala.

* Coñecer algunhas características da súa casa, da súa familia, da escola e do medio natural.

* Ser cada vez máis autónomo.

* Aprender a comportarse axeitadamente nos diferentes espazos e contextos nos que se desenvolve.

* Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato. Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas ostensibles.

* Coñecer profesións e medios de transporte do seu medio.

* Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liña, punto, triángulo, rectángulo, cadrado, círculo,

*Empregar os números para clasificar, contar, identificar e informarse de elementos da realidade.

*Achegarse a usar e comprender nocións temporais básicas da súa vida cotiá.

* Identificar, a través da observación os cambios do contorno e dar mostrás de interesarse polo medio natural. Manifestar actitudes de coidado e de respecto da natureza e participar en actividades para conservala.

*Realizar preguntas sobre os seres vivos e a natureza.

*Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola.

* Coñecer tradicións e festas populares da súa Comunidade.

Linguaxes: comunicación e representación.

*Utilizar diversas formas de representación e expresión para as súas posibilidades comunicativas e recoñecer a importancia de manifestacións non verbais..

* Utilizar a lingua propia do modo máis convinte para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas.

* Comprender mensaxes e textos diversos transmitidos de forma oral, mostrando unha actitude de escoita e comunicación atenta e respectuosa.

- * Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- * Captar o sentido global de sinxelas mensaxes orais, mostrando interese por participar en situacións de comunicación oral , cancións, poesías...
- * Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- * Utilizar as normas de cortesía establecidas para convivir.
- * Traballar os textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... lelos, reproducilos, memorizalos, ilustralos e modificalos
- *Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- *Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose de xeito creativo a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- *Desenvolver a auto confianza nas producións artísticas persoais, respectando e valorando tamén as das demais persoas.
- * Coñecer algúns autores e artistas universais.
- *Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC
- * Mostrar unha actitude positiva cara a lingua estranxeira.
- * Adquirir habilidades e destrezas que permitan a interpretación de ritmos (son-silencio).
- * Participar na interpretación e representación de cancións.
- * Desenvolver a capacidade auditiva-perceptiva mediante o recoñecemento de sons corporais e do contorno, e sons de animais.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación non se centra tan só nos resultados senón en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, avaliándose non só as alumnos/as e o desenvolvemento das súas capacidades, senón tamén a optimización e organización de recursos , a adecuación da programación e a metodoloxía empregada e sobre todo os procesos de interacción afectiva e comunicación afectiva.

A avaliación será global, continua e formativa e os procedementos de avaliación máis axeitados serán a observación directa e sistemática do alumnado, o análise das súas producións e as entrevistas

cas familias. Mediante estes procedementos e empregando diversos instrumentos avaliativos ,como poden ser diarios, anecdotarios, ou as propias actividades de avaliación, farase un seguimento a cada un dos alumnos e alumnas para comprobar se van adquirindo os obxectivos propostos en cada área e en cada actividade a realizar.

METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En base ao modelo construtivista da educación, influenciado por diferentes modelos pedagóxicos e psicolóxicos as orientacións metodolóxicas recollidas no Decreto 330 son:

1-Perspectiva didáctica que, parte da globalización, posto que o neno percibe as totalidades e configura un coñecemento relacionando todos os bloques de contidos das tres áreas, para que teña lugar unha aprendizaxe significativa. Para isto preténdese partir dos intereses dos propios educandos para dar paso aos proxectos de traballo que se vaian elaborando dun xeito paralelo ás secuencias didácticas ao longo do curso escolar, acompañadas dun programa de hábitos para afianzar normas e pautas de convivencia.

O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que ten cada individuo mediante fórmulas de saber e de facer contextualizadas.

Seguindo o currículo de Educación Infantil atenderemos aos seguintes principios metodolóxicos.

2- O Ambiente de aprendizaxe

A distribución do espazo dentro da aula é clave para un exitoso proceso de ensino-aprendizaxe xa que a mala distribución deste pode dificultar a nosa práctica docente. Dentro da aula proporcionaremos un ambiente no que os nosos nenos poidan interactuar.

Para iso teremos en conta que os materiais, carteis, fotos, paneis de proxectos... deben estar colocados dentro do seu campo visual para captar a súa atención.

A aula está distribuída en diferentes zonas de traballo, unhas fixas (assemblea e rutinas, biblioteca, tics, xogo simbólico, lectoescritura, razoamento lóxico-matemático, arte) e outras versátiles (disfraces, experimentos, natureza...) que dependen da actividade que se vai a levar a cabo.

Os espazos comúns que aproveitaremos para actividades concretas e continuas serán as pistas deportivas, a biblioteca, a aula de informática, o entorno preto do propio centro, e outros recursos do concello (centro sociocultural e polivalente, biblioteca, patrimonio etnográfico e natural). Tamén se farán actividades noutros centros educativos que pertencen ao mesmo concello.

Os recursos, tanto materiais como humanos:

Os materiais que ofreceremos serán variados, facilitando distintos xeitos de uso e atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Traeremos á aula elementos do medio natural e sociocultural favorecendo o vínculo coa súa identidade e creando un ambiente significativo.

Os recursos humanos cos que contamos son ademais da titora, os especialistas e unha mestra de apoio, e toda a comunidade educativa que queira participar, de dentro e fora do centro. Ademais de contar con especialistas ou expertos concretos nas actividades nas que esteamos a traballar.

A organización do tempo gozará de certa flexibilidade, combinando tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas..

Programación semanal: temporalizaranse as actividades de ensino-aprendizaxe en centros de interese, que se concretarán en proxectos, que poderán desenvolverse ao longo de 2 , 3 ou 4 semanas. Propóñense, ademais, unha serie de obradoiros que se realizarán ao longo de todo o curso.

Actividades diarias: Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada procurarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos do grupo (descanso, alimento, actividade...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marcos de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais.

Para a temporalización das actividades diarias, teranse en conta os seguintes parámetros:

- Partir do momento evolutivo dos nenos do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos materiais e persoais con que conta o Centro.

En consecuencia, as actividades de ensino-aprendizaxe seguirán unha secuencia de rutinas xa explicado.

3- Papel do mestre

Reforzaremos en todo o alumnado a súa autoestima, valorando as súas capacidades e facéndoos conscientes das súas limitacións, así mesmo proporcionárolles actividades que lles permitan manifestar a súa creatividade.

A asemblea axudaranos como estratexia para o diálogo, a posta en común de acontecementos, para debater certos temas

Compre destacar o xogo como actividade propia desta etapa, o seu alto grado de motivación, de variedade e de posibilidade de relación cos outros convérteno nunha actividade moi produtiva axudando a que o neno ou a nena adquira coñecementos e habilidades de forma inconsciente.

Fomentaremos o gusto pola literatura e o arte, e axudarémolles a valorar as súas creacións así como a respectar a dos demais.

Trataremos o erro como un elemento máis do proceso de ensinanza aprendizaxe, que axuda a que sempre que se solventa e resolva, leva a unha aprendizaxe significativa e a superación dun reto, creando un clima de aceptación e respecto mutuo.

4-O papel do alumnado

Ofrecerémolles ó alumnado situacións de aprendizaxe que potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, facéndolle ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartila cos demais.

Potenciarase que o alumnado reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións e realizando unha co avaliación. Isto fortalecerá a súa autoestima e autonomía persoal.

A consulta de fontes variadas nas tarefas é un principio básico para aprender a aprender, desenvolver la competencia dixital e a autonomía persoal á vez que desenvolve a competencia comunicativa.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade non só vai dirixida a aqueles alumnos que mostran dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, suxírense, para cumprir coa atención á diversidade:

- Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación).
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.

- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.
- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas...).

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Dende o nivel de 5º de infantil contribuiremos ao plan TIC, participando na medida do posible nas distintas actividades propostas por este equipo; sempre e cando ditas actividades se adapten as características do noso alumnado.
- Por outra banda intentaremos aportar ideas e propostas encamiñadas a que o alumnado de infantil empregue e utilice as novas tecnoloxías como un recurso máis no seu proceso de aprendizaxe.
- Así mesmo no apartado de Obxectivos e Competencias queda constancia da importancia que as TIC teñen na nosa programación.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- O equipo de 5º nivel de infantil participará de todas aquelas actividades que estean encamiñadas a mellorar a convivencia tanto dentro da aula como a nivel centro.
- Nesta programación constan distintos obxectivos encamiñados a conseguir un bo ambiente, onde o respecto polos outros sexa unha constante no noso proceso de ensino aprendizaxe.
- Por outra banda dicir que no día a día a implicación na mellora da convivencia obsérvase nas nosas accións cotiás tales como resolución de conflitos, utilización do diálogo, valorar as accións positivas.....

EDUCACIÓN EN VALORES

A LOE establece como un dos principios fundamentais «a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade cidadá democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza».

Así pois, no proceso educativo debe estimularse a adquisición dos valores tales como respectar e valorarse a un mesmo e aos demais, aceptar as normas, coidar o medio natural e autorregular a conduta no xogo, na convivencia e no traballo. Desta forma, lograrase a formación dun autoconceito positivo e a construción da propia identidade. A adquisición destes valores fará dos alumnos cidadáns capaces de tomar decisións e de desenvolverse con éxito na sociedade á que teñen que incorporarse de maneira activa.

O desenvolvemento dos valores canaliza a totalidade da práctica docente a través das actividades e experiencias que realizan os nenos no seu traballo cotián na aula. Na transmisión dos valores, a actitude dos docentes na aula é determinante. Por isto, prestarase especial atención a ofrecerlles aos alumnos modelos de identificación, de modo que poidan interiorizar facilmente as condutas que deberán desenvolver.

As seguintes orientacións servirán como principios xerais que regulen a práctica docente e permitirán influír na transmisión de valores:

- Valorar por igual todos os logros dos alumnos.
- Evitar as descualificacións xerais cara aos traballos dos alumnos.
- Cando se indiquen fallos ou deficiencias, aportar a continuación suxestións sobre as posibilidades de superación destas.
- Destacar e premiar as condutas tolerantes e cooperativas.
- Aproveitar os conflitos que xurdan entre os alumnos para dialogar colectivamente sobre os modos de resolución posibles.
- Conseguir que os alumnos participen no establecemento das normas de convivencia na aula. Unha vez consensuadas, esixir o seu cumprimento.
- Ao terminar a xornada de traballo, dedicar uns momentos a analizar colectivamente o seu desenvolvemento, os incidentes que xurdisen, os problemas propostos e as formas elixidas de solucionarlos.
- Promover actividades que lle permitan ao neno adquirir os hábitos saudables básicos, tanto no ámbito físico coma no psíquico e no social: actividade e descanso, interacción social, autoestima...

Tomar medidas útiles para previr enfermidades e accidentes e insistir no seu cumprimento, de maneira que, pouco a pouco, sexan os propios nenos os que suxiran este tipo de actuacións preventivas: abrigarse cando vai frío, protexerse do sol, lavar as mans...

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como docentes pensamos que a educación non só abrangue á escola, de aí a importancia da colaboración co concello, universidades, centros de formación, museos e outras institucións.

Ao longo do curso podemos levar a cabo distintas actividades complementarias como saídas ao contorno ou relacionadas cos diferentes proxectos realizados nas aula.; así como outras actividades ofertadas polos distintos organismos: concello, fundacións, empresas, etc, que consideremos axeitadas e sempre que estean adaptadas aos nosos alumnos/as.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A NOSA PROGRAMACIÓN

A nosa programación será avaliada a través da reflexión persoal e conxunta cos compañeiras de nivel da adecuación dos obxectivos, contidos actividades e metodoloxía propostos para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Esta reflexión levarase a cabo a través dunha reunión mensual, onde se poñerá en común as distintas percepcións persoais de cada unha das mestras, sobre a adecuación da programación ao noso alumnado, aos espazos e recursos dos que dispoñemos.